

ROTEIRO: OBSERVACIÓN DOS CABALOS NO XISTRAL

O Concello de Muras e Puraga dentro das actividades da XXX Feira do Poldro e do Gando do Monte, organizan un roteiro divulgativo denominado “Observación dos cabalos no Xistral”, que pretende a posta en valor da carne de poldro, a través dunha ruta onde os participantes poderán observar os cabalos en liberdade e probar a carne de poldro nos establecementos da zona, pois a pesar da súa calidade e sabor, é unha gran descoñecida para o gran público. Ademais de amosar o traballo dos nosos gandeiros e gandeiras na conservación da Serra do Xistral tal e como a coñecemos hoxe en día a través do coidado destes animais.

Crear unha cultura do consumo de carne de poldro de calidade e establecer a zona do Xistral como unha zona de referencia na crianza do poldro é un dos obxectivos, vinculando a carne de poldro co seu sistema de cría, coa súa importancia medioambiental e cunha paisaxe natural humanizada onde o papel do gandeiro/a é fundamental na conservación dos seus valores naturais.

SÁBADO 23 DE SETEMBRO:

Roteiro: “Observación dos cabalos no Xistral”

- 11.30-11.45h: Punto de encontro e saída do autocar dende o lugar da feira de poldro, na Gañidoira. Carreteira Viveiro-Vilalba LU-540 km27.
- 11.45-14.00: Roteiro polo Xistral. Observación dos cabalos no monte e da fauna e flora autóctonas.
- 14.00h: Comida degustación no restaurante da zona .
- 16.00h: Volta ao punto de encontro inicial.

Inscrición previa no Concello de Muras, no teléfono 982.500001

Prazas limitadas.

Prezo por persoa: 15€. Inclúe: Unha persoa que fará de guía para o grupo, autobús para desprazamentos dende o punto de encontro e degustación de carne de poldro.

Ingreso da inscrición na conta de PURAGA: ES54 0238 8263 90 0600017200 (Banco Pastor). Indicando:

- Nome do asistente/s e indicando asunto “Roteiro Xistral”
- Necesario mandar recibo por email para facer efectiva a reserva da praza: administracion@muras.gal

